

THIS IS A FILM ABOUT 1408 THE BLACK KEYS

Jeff Dupre, 2024

ESTREA EN NUMAX: 22.11.2024 | V.O.S.E. | 90 min

O dúo formado por Dan Auerbach e Patrick Carney, o máis exitoso e influente do rock moderno, descríbese como un «matrimonio de conveniencia» neste perspicaz estudo sobre a súa relación, baseado en entrevistas confesionais e toneladas de imaxes de arquivo. A súa teimuda ambición e unha robusta conexión musical son o motor da aventura de dous mozos de Ohio que, logo dunha década partindo o lombo no underground, botaron abaixo a porta do mainstream. Agora falan sen tabús sobre ética laboral, tensións, fama, divorcios e instinto de supervivencia.

«Un atractivo documental musical que pon de relevo algunhas das tensións históricas menos coñecidas no grupo e tamén aquilo que os une»

Chris Willman, VARIETY



Entrevista con Jeff Dupre: «O fillo da parella de Patrick e Dan é a música que crean»

Por Stephen Saito

Como naceu o proxecto? Foi todo grazas a Carter Little, o produtor do filme. É un vello amigo meu e tamén é moi amigo de Patrick Carney, o batería de The Black Keys. Cando comezou a pandemia comentaron: "Xa que non se pode ir de xira polo menos fagamos unha película".

Unha das cousas máis interesantes do filme é comprobar como eles se comunican mellor a través da música que coas palabras. É posible que non falen de certas cousas pero o feito de que fagan música xuntos é unha forma de comunicación situada noutro nivel. Penso que é increíble e paréceme unha maneira de expresar o que senten entre eles. Iso fai que a historia sexa tan fascinante e que acade un nivel de intensidade realmente notable. E como cando ves unha parella que leva moito tempo casada e te preguntas por que. É polos fillos? Polo diñeiro? Neste caso o fillo da parella de Patrick e Dan é a música que crean.

Hai algunhas combinacións de música e montaxe particularmente electrizantes. Houbo algún momento especialmente emocionante de montar? Hai tantas secuencias de actuacións xeniais que é difícil escoller. A actuación de "Gold on the Ceiling" é increíble. O momento "Fever" e todo o álbum "Turn Blue" encántame pero esa canción está aí arriba porque ten esa enerxía tan especial como canción pop e tamén ten melancolía e tristura. Hai un intre no que Dan tenta gravar a canción no estudio e ten que facer outra toma. Aí decátaste da súa fragilidade e de como a propia canción acolle ese sentimento.

Ambas familias conservaban un arquivo increíble. Como foi ese regreso a Akron? Si, as familias gardaron moitas cousas. Ademais o irmán de Patrick é un talentoso fotógrafo e deseñador gráfico e conserva marabillosas imaxes desde os seus comezos.

Sabías que mentres filmabades estaban a preparar un novo álbum? Cando fomos a Nashville soubemos que Beck estaba voando para tocar con eles no estudio. Esa foi unha das primeiras pistas que me advertiron de que estaban a tramar algo. Desde entón a xestión da película foi medrando en paralelo á xestión do álbum e mesmo puidemos filmar algúns momentos no estudio. E finalmente todo saíu ben e en tempo, algo que case nunca sucede.

Como foi a estrea para ti? Foi como unha experiencia extracorpórea. Logo de estar nun pequeno cuarto escuro cunha ou dúas persoas durante dous anos tentando resolver o crebacabezas, de súpeto tes a mil persoas a mirar a película. E desde logo un filme nunca remata até que o público o ve e nese sentido foi emocionante. Alegreime moito de ver que a xente ría en todos os intre divertidos, mesmo naqueles nos que eu deixara de rir porque xa os vira cinco mil veces. Así que a resposta foi excelente.

Publicado en moveablefest.com